

# Así foi o segundo trimestre

Un trimestre máis facémosvos chegar, a través deste informe, os aspectos máis destacados do que os vosos fillos e fillas traballaron e acadaron neste segundo trimestre. Xunto ó boletín de autoavaliación, que acompaña a este informe, tamén poderedes ver nos seus traballos unha pequenísima parte de todo o que se fixo na nosa aula neste segundo trimestre; tede en conta nembargantes que **a meirande parte do seu traballo se atopa no centro en murais, dossiers que xa levaron para casa e outro tipo de tarefas das que tedes máis información**, acompañada de fotografías, na **páxina web** do centro:

<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantonio cervino> (no recanto de INFANTIL 2)

Comezamos este segundo trimestre rematando o **proxecto de investigación sobre o Espacio**, a través do cal os vosos fillas e fillos se aproximaron ó 'método científico' afofando en estratexias de búsqueda de infomación en diferentes fontes, discriminación da información relevante do resto, traballo en grupo e colabaración, plasmación e transmisión do aprendido ós demáis...



Rematamos este proxecto **visitando un observatorio astronómico** que serviu para asentir os coñecementos adquiridos e permitiu levar a cabo unha reflexión por parte do alumnado do proceso de investigación levado a cabo nas semanas precedentes.



Continuámos o **proceso de aproximación á lecto escritura**, respetando o ritmo madurativo de cada neno, empregando o texto escrito en situacións funcionais (con significado real para o alumnado) como a plasmación do 'descuberto' nos proxectos de investigación, escritura de cartas solicitando información, redacción de carteis, etc. Sirva como exemplo o uso que se lle deu na **elaboración do regalo do día do pai**, no que ademáis do resultado final (a almofada para o rato) elaboramos listados coa elección de cada un, materiais necesarios...



Polo **Entroido disfrazámonos de astronautas**, con disfraces creados por eles mesmos/as, un proceso que permitiu que o alumnado mellorase na toma de conciencia do seu esquema corporal, manipulación de distintos materiais para desenvolver a súa creatividade, plasmación na realidade de bocetos e facerse consciente da secuenciación de accións ó longo do tempo.



Un ano máis participamos no **Salón do libro de Pontevedra**, colaborando na elaboración dun traballo, xunto cos compañeiros e compañeiras de 1º, 6º e E.I. 2. Empregamos xornais buscando noticias sobre a 'boa e a mala sorte', empregamos a escritura funcional para a elaboración do noso libro, asistimos a sesións de contacontos durante a visita ó salón, fomentando o gusto pola literatura tanto escrita como de



tradición oral.

Tanto nesta saída como na levada a cabo ó observatorio estivemos a afondar en **aspectos relacionados coa autonomía persoal** do alumnado en ambientes descoñecidos tendo que artellar estratexias para levar a cabo tarefas como 'merendar', cooperar e organizarse nun espazo descoñecido.



Colaboramos na elaboración dun **libro viaxeiro** sobre os **nenas e nenos do mundo**, organizado pola biblioteca do centro, de xeito que, ademáis de levar a cabo un proceso de investigación, afondamos no coñecemento de distintas culturas e realidades, fomentando o respecto ás diferencias dos outros e coñecendo distintos tipos de familias e realidades.

Como reforzo ó traballo diario levado a cabo na aula sobre a 'coeducación' (igualdade entre homes e mulleres) levamos a cabo un traballo, que levaron para casa, para celebrar o **día da muller traballadora**, escollendo profesións estereotipadas para homes e mulleres asignándoas a outro xénero.



Participamos tamén nunha sesión de contacontos organizada pola editorial **Kalandraka**.



Fixemos asemade unha serie de traballos **relacionados coa orientación espacial e outros aspectos de lóxica matemática** (cantidades, figuras xeométricas, dimensións...) sempre manipulando obxectos reais, tentando levar a cabo un proceso de abstracción (buscando na realidade ditas figuras, cantidades, dimensións...) e plasmación empregando diferentes recursos.

Xa ó remate do trimestre iniciamos **un novo proxecto de investigación**, neste caso elixido democráticamente entre o alumnado, afondando deste xeito na adquisición de valores éticos e democráticos, respectando ás opinións dos demais e sendo capaz de empregar a linguaxe oral como vía de comunicación para transmitir argumentacións. Neste caso o tema elixido foi os '**avións**' que iremos desenvolvendo ó longo do terceiro trimestre, un proxecto do que xa iniciamos os primeiros pasos do proxecto: comentando ó que xa saben, o que queren saber, onde buscar a información e como nos imos organizar.



No vindeiro trimestre continuaremos a afondar no proxecto de traballo iniciado neste trimestre así como co '**maletín viaxeiro**' dos debuxos, que case tódolos nenos e nenas xa levaron para as súas casas, e no que coa vosa inestimable colaboración, teñen que facer un debuxo. Deste xeito estamos a fomentar hábitos de traballo, organización de tempos e espazos e principalmente traballamos coa responsabilidade que asume o neno/a nesta actividade cos compañeiros/as.



Invitámosvos a que comentedes ó contido este informe cos vosos fillos e valoredes o traballo desenvolvido ó longo deste segundo trimestre.

*Marzo 2012*

